- **Facilidades aos novos socios.-** Esta confraría ten una especial consideración para cós novos socios, e trata de axudarlle a superar as dificultades que encontra cando accede a profesión: informa e atende a tódalas persoas que queiran incorporarse á profesión e, se os orzamentos o permiten, exime de cota obrigatoria ao asociado durante o primeiro ano.

### 3) Bo goberno e rendemento de contas

As confrarías son corporacións de dereito público, sen fins lucrativos. Como todas as entidades de base asociativa debe guiarse por vieiros democráticos e velar pola transparencia na súa xestión.
O bo goberno asociativo está caracterizado por distintos rasgos entre os que a transparencia na xestión e o rendemento de contas son esenciais. Así mesmo é de destacar a necesidade dunha capacitación e motivación dos órganos reitores.

Sobre esta base, podemos identificar as seguintes boas prácticas na confraría de Muxía.

- **Xestión Transparente.-** A Confraría de Muxía dispón dun sistema Web onde as partes interesadas poden encontrar información actualizada

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

sobre a Confraría e a súa xestión, ademais de normativa e ferramentas de interese para o asociado. Na Web hai un apartado específico sobre transparencia onde consta informacións sobre a estrutura organizativa da entidade, as contas e orzamentos así como as actas dos órganos reitores.

- **Xestión dos conflitos de interese.-** No seu Manual de Acollida de socios e socias, exposto no sitio Web, a confraría informa sobre a obrigatoriedade de que os membros dos órganos reitores, chegado o caso, identifiquen e manifesten o seus conflitos de interese. Así mesmo, se solicita a colaboración de todos os socios para que, se é preciso, manifesten as situacións mal xestionadas desde a perspectiva dos conflito de interese que observen no seo da confraría.

- **Compromiso de calidade e coa Responsabilidade Social Corporativa.-** A confraría de Muxía ten adoptado un compromiso coa calidade na prestación dos seus servizos no marco a Responsabilidade Social Corporativa, que asoma no seu sitio Web e no Manual de Acollida.

- **Xustiza e igualdade no trato.-** Entre as boas prácticas neste senso é de destacar a belixerancia na reclamación das cotas sociais aos morosos, utilizando incluso a vía xudicial.

- **Defensor do socio.-** En Muxía se toman moi en serio as opinións e reclamacións dos socios. O seu Manual de Acollida contempla a figura do defensor do socio, que recaerá nun membro con especial carisma para que medie e defensa os dereitos dos socios ante a confraría.

## 4) Valor xerado e compartido

As confrarías como entidades de carácter social deben crear valor económico e social, e minimizar ou paliar os seus impactos ambientais. Unha organización que non aporta valor, ou que permita que ese valor sexa apropiado por unha minoría privilexiada, non é unha organización responsable nin sustentable. As confrarías deben aportar valor aos seus socios, sen esquecer ás demais partes interesadas. Isto non significa a gratuidade de tódolos seus servizos, senón que deben aportar aos seus socios mais do que reciben.

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

Por esta razón é moi importante que a confraría sexa un espazo onde se acolla ao socio, se lle informe sobre a carta de servizos da entidade, e se acredite que o valor creado pola entidade é distribuído equitativamente entre as distintas partes interesadas.

Neste senso Muxía presenta as seguintes boas prácticas:

- **Carta de Servizos.-** A confraría de Muxía dispón dunha ampla e detallada carta de servizos que inclúe servizos administrativos, servizos de carácter económico, compromisos, servizos telemáticos, etc.

- **Obxectivos económicos e resultados compartidos.** Muxía fixa uns obxectivos económicos anuais, en canto se alcanzan se adoptan medidas económicas en favor dos socios (redución das cotas sociais e baixos prezos nos pertreitos), e outras partes interesadas.

- **Control do consumo enerxético.-** Se contratan auditorías enerxéticas con moi bos resultados, e se consegue reducir os consumos e mellora das tarifas eléctricas.

### 5) Consumo responsable, colaboración e xestión do común.

**Networking e Shared knowdlege.** – Aspectos xa comentados no apartado primeiro pero tamén moi relevante nesta área de colaboración.

**Relacións con outras confrarías e coas Administracións.-** En Muxía cren na colaboración entre iguais, baseada no respecto mutuo, como un mecanismo mais para crear valor e minimizar custes. Este proceder, permítelle manter unhas relacións fluídas e produtivas con outras confrarías e coas distintas administracións públicas.

**Colaboración activa.-** A confraría fai unha búsquea activa de colaboradores na procura de obxectivos comúns. Esta maneira de actuar permitiu que se acadara decorar os seus peiraos con murais alusivos a mundo do mar, como antes se citou, grazas a colaboración coa a Facultade de Belas Artes (UdeVigo) e o Concello de Muxía

Dende a confraría de Muxia se fai unha grande labor estreitando lazos, complicidades e capacidades humanas que esta logrando que a Costa de Morte sexa unha zona onde existe mais inquietude e compromiso co sector e mais interese pola RSC.

# O CASO DE KIWI ATLANTICO: AS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES COMO PLATAFORMAS DE XENERACIÓN DE VALOR NO CONTEXTO DA RSC

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

## I. KIWI ATLANTICO UN CASO DE INTERESE PARA AS CONFRARIAS GALEGAS

A innovación nace pola conxunción de distintos elementos entre os que se encontra o coñecemento. Unha das metodoloxías mais axeitadas para incorporar o coñecemento aplicado ás organizacións é o estudo e análise de outras entidades ou iniciativas na busca das mellores prácticas para incorporalas, coas debidas adaptacións, a nosa organización *(benchmarking)*. Si ben esta metodoloxía acostuma a usarse entre entidades que teñen a mesma actividade, o *benchmarking* tamén resulta moi efectivo cando se investiga noutros sectores que presentan similitudes en algunhas das súas áreas ou procesos.

Kiwi Atlántico é unha organización que se forxou no ano 1988 chegando a ser hoxe unha empresa modélica dentro do sector hortofrutícola galego. Kiwi Atlántico representa, tal e como exporemos a continuación, un caso de moito interese para as confrarías de pescadores galegas, debido entre outras razóns o elevado nivel de organizativo e de desenvolvemento comercial.

### Os antecedentes de Kiwi Atlántico

Kiwi Atlántico, S.A., foi constituída no ano 1988 como unión duns 30 Kiwicultores de Galicia e Asturias, tendo na actualidade mais de 70 socios e 20 produtores colaboradores, agrupando explotación de diversas dimensións. É unha sociedade formada unicamente por pequenos produtores que tradicionalmente estaban orientados ao autoconsumo. Conta pois, coa longa tradición que ten o norte de España no modelo de economías agrarias complementarias a nivel familiar.Dende o primeiro momento, o seu obxectivo foi comercializar froita de alta calidade, co fin de diferenciarse das demais producións europeas.

Esta unión de esforzos e ideas á hora de cultivar permitiron acadar unha comercialización conxunta, uniforme e empeñada en que o froito sexa da máxima calidade. A idea era sinxela "aglutinar aos produtores e comercializar" o produto.

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

Os técnicos de Kiwi Atlántico asesoran aos agricultores ao longo de todo o proceso de cultivo. E no momento da colleita, cara ao mes de novembro, o persoal técnico mide mediante un refractómetro a cantidade de sucre do kiwi, que debe ter no momento da recolección entre 6,5 e 9 graos Brix. Toda a produción comercializada por Kiwi Atlántico pasa por un estrito control de calidade que asegura que podamos ofrecer un produto con todas as garantías e moi diferenciado cualitativa e organoléticamente.




## II. AS SIMILITUDES ENTRE KIWI ATLANTICO E AS CONFRARIAS GALEGAS

Unha vez coñecidos as orixes e actividade de Kiwi Atlántico podemos analizar aquelas áreas que presentan conexións ou similitudes e que poden ser de interese para as confrarías.

1) **Agrupación de pequenos produtores.-** Ambas entidades son organizacións de pequenos produtores que naceron coa finalidade de servir de plataforma para organizar a produción e favorecer a comercialización dos seus produtos.
2) **Actividade tradicional**.- Ambas entidades se nutren de actividades tradicionais que as familias galegas levan facendo a longo de séculos: agricultura e a pesca.
3) **Produto natural galego**.- O produto de ambas entidade é natural e perecedoiro, comercializase sen transformación algunha, compartindo ademais a súa orixe galega.
4) **Produtos de alto valor nutritivo**.- Ambas entidades teñen no seu haber uns produtos con grande valor nutritivo que teñen que conseguir poñer en valor ante os consumidores.
5) **Similitude de retos.-** Ambas entidades teñen, a nivel económico, un reto cardinal: diferenciar e valorizar ante o consumidor un produto natural de alta calidade

## III. KIWI ATLANTICO NO MARCO DA RESPONSABILIDA SOCIAL CORPORATIVA

Kiwi Atlántico é unha organización que ten acreditado unha traxectoria empresarial claramente exitosa da cal podemos extraer as seguintes boas prácticas en materia de Responsabilidade Social Corporativa. Como suele ser habitual nestes casos organizamos as boa prácticas nos tres ámbitos do triplo balance:

### Dimensión Económica

1. **Aposta polo innovación.-** Proxecto "Fábrica 4.0" é unha iniciativa que se apoia nos avances da dixitalización para medir a calidade interna do froito. Entre os seus obxetivos figuran, o diseño e a construción dun sistema de medición da calidad interna da froita segundo o seu grao de madurez. Para isto, contou coa colaboración de AINIA Centro Tecnolóxico para aplicar os seus coñecementos relacionados coa pegada espectral de distintos tipos alimentos e produtos agrícolas.

2. **Abrir novos mercados incluidos os internacionais.-** Kiwi atlántico está presente en Chile, e dende o ano 2013 está tentando abrirse mercado en China.

3. **Progreso continuo da empresa e os seus grupos de interese:**
    a. Kiwi Atlántico recibiu o premio Galicia Alimentación 2016 no apartado de mellor traxectoria empresarial
    b. Certificación de prestixio 'Galicia Calidade', sendo a primeira empresa de froitas en conseguilo.
    c. Certificados internacionais tales como Global-gap, UNE 155000 e Producción IntegradaISO 9001,BRC (certificación inglesa)

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

**Dimensión Social**

4. **Formación e sensibilización en RSC.-** Con actividades tales como a participación na Xornada sobre RSC, organizada da Federación de Confrarías de pescadores da Coruña (2016)

5. **Compromiso social y solidario.-** Kiwi Atlántico recibe aos alumnos do Centro de Formación y Experimentación Agroforestal de Guísamo (9 mar 2016) e ten colaborado con DKV Seguros na divulgación dunha alimentación saudable para as mulleres embarazadas. Asemade, Kiwi Atlántico ven colaborando co Banco de Alimentos (4 dic. 2015) e apoiando ao palista local Ivan Alonso no campionato mundial de Hungría.

6. **Comunicación coas partes interesadas.-** Desde o sitio web e a súa páxina en Twiter, Kiwi Atlantico promove unha comunicación fluída cos consumidores e outras partes interesadas. Asemade, nesas páxinas se poden encontrar consellos para o bo uso do kiwi.

7. **Produción diversificada e socialmente equilibrada.** Cultivos realizados mediante técnicas de cultivo pouco mecanizadas, herdanza do saber facer no coidado das hortas e viñedos nas zoas produtoras. Un traballo esmerado moi preocupado en favorecer o crecimento do froito de forma natural. A dimensións das fincas -de tamaño medio- permite una produción mais "coidada" e socialmente mais equilibrada. A comercialización realizase a partir de producións propias, con asesoramiento técnico que uniformiza os criterios produtivos y polo tanto se manteñen ao longo de toda a campaña.

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

## Dimensión Ambiental

8. **Compromiso Ambiental.-** Kiwi atlántico ten un compromiso co medioambiente formulado a través dun sistema de xestión de calidade que recolle o seu comportamento neste eido, cunha avaliación do seu cumprimento legal e un programa de xestión ambiental. A súa declaración ambiental foi validada a través da Auditoria de Xestión Ambiental realizada pola entidade verificadora Applus Certification.

9. **Produción respetuosa co medio ambiente.-** A empresa dispón da certificación de manipuladora ecolóxica expedida pola Coordinadora de Agricultura Ecolóxica de Galicia, xa que nas súas explotacións non se realiza ningún tratamento fitosanitario

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

## IV. CONCLUSIONS: QUE PODEN APRENDER AS CONFRARIAS GALEGAS DE KIWI ATLANTICO

O caso Kiwi Atlántico permítenos extraer unha conclusións que resultan de moito interese para as confrarías Galegas.

1. E posible unir con éxito ás pequenas explotacións tradicionais galegas, ben sexan agrarias o de mar, nun proxecto colectivo de carácter empresarial.
2. Os proxectos colectivos, ben xestionados, xeran moito valor económico que redunda en prezos dignos para as pequenos agricultores e produtores.
3. Os proxectos empresarias saen reforzados si se fan con criterios socias e coidando os impactos mediambientais.
4. Apostar pola calidade dos produtos e servizos é unha estratexia gañadora no caso dos produtos naturais galegos.
5. As organizacións de produtores, sexan agrarios o pesqueiros, deben apostar por a diferenciación e valorización dos seus produtos.
6. As confrarías deben promover algún tipo de entidade que siga o exemplo de Kiwi Atlántico e sitúe aos seus produtos nun mercado que os valore e aprecie.
7. O valor do produto natural galego ten un prestixio no mercado nacional que as confrarías deben aproveitar.

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

# XORNADA FORMATIVA E DE APLICACIÓN DE MEDIDAS PRÁCTICAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA NAS COFRADÍAS DE PESCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA

## RETOS E OBXECTIVOS




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

# Retos e Obxectivos para a Aplicación Práctica de Medidas de Responsabilidade Social Corporativa nas Confrarías da Provincia da Coruña

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE COFRADÍAS DE PESCADORES DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

# A APLICACIÓN PRACTICA DA RSC NAS CONFRARÍAS DE PESCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA: RETOS E OBXECTIVOS

## I. ANALISE

A Federación de Confrarías da Provincia de A Coruña está composta por 35. Confrarías: unhas con mais recursos que outras, pero cada unha sumida nas súas específicas problemáticas e avatares.

Aínda sendo conscientes das limitacións en canto a medios persoais e tamén do esforzo que fan moitos dos membros dos órganos reitores para xestionar o día a día, introducir a RSC nunha organización require dun impulso inicial que as Confrarías teñen que afrontar en termos de implicación do secretario, persoal técnico e do cabido.

A formación formal en RSC debe ir destinada aos secretarios e persoal técnico; porén é o cabido quen ten que entender e asumir a Responsabilidade Social como modelo de xestión. Esta é a razón pola cal deben compatibilizarse os cursos formais en materia de RSC, con outras actuacións mais prácticas destinadas aos membros dos órganos reitores das confrarías (xornadas, charlas – coloquio), así como outras actuación de implantación concretas.

Un elemento clave da RSC é o concepto de progreso continuo, este mesmo enfoque debe aplicarse á implantación da Responsabilidade Social nas Confrarías; é dicir trátase de marcar obxectivos e ser perseverantes, entendendo que é un proceso de mellora a longo prazo.

## II. FASES PARA A IMPLANTACIÓN DA RSC NAS CONFRARIAS

Tendo en conta as características organizativas das Confrarías, os recursos humanos e materiais dos que dispoñen, así como o contexto actual no que nos atopamos, facemos a seguinte proposta metodolóxica para a introdución da RSC nas Confrarías da provincia de A Coruña a traveso de 5 pasos:

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

1) **Formación en RSC para secretarios e persoal técnico.-** Esta formación pode realizarse en grupos de ata 12 persoas a través dun curso de entre 15 e 20horas, seguindo o programa formativo establecido na Guía de Implantación e Difusión da Responsabilidade Social Corporativa nas Confrarías de Pescadores.
2) **Formación práctica divulgativa para membros dos órganos reitores.-** Se recomenda facer esta formación práctica a través de tres xornadas anuais con un formato similar ao realizado.
3) **Obradoiros de implantación formados por grupos de confrarías ( máximo grupos de 8 ).-** Dada a escasa dimensión das confrarías e a dificultade de organizar equipos de traballo con este cometido no seu seo, resulta necesario a formación de obradoiros de implantación formados por membros de varias confrarías (secretarios/técnicos). Estes obradoiros son espazos ideais para o traballo en equipo e a potenciación da colaboración mutua entre confrarías. Asemade, estes equipos de traballo coordinados por expertos na materia, son quen de elaborar os materias necesarios para facer mais doada a implantación das distintas actuacións en cada unha das confrarías.
4) **Identificación das boas prácticas e divulgación nas confrarías.-** Os traballos antes sinalados van permitir identificar as boas prácticas que en materia de RSC se están desenvolvendo nas confrarías. Estes materias resultan idóneos para divulgar a RSC mediante charlas divulgativas no seo das xuntas xerais das confrarías.
5) **Xestión do progreso continuo.-** Estes catro pasos sinalados deben ser avaliados periodicamente para detectar e incorporar as melloras pertinentes.

## III. RETOS

A xeneralidade das metodoloxías de implantación da RSC recomendan unha primeira fase formativa. No caso da confrarías galegas, a experiencia acumulada neste ámbito confírmanos que o mellor "motor de arranque" dun proceso de implantación da RSC pasa por conseguir que o secretario ou algún persoal técnico das confrarías asista a un primeiro curso práctico sobre RSC. O interese que despertan estes cursos permiten abrir un proceso de "osmose" mediante o cal a RSC vai calando e avanzando de forma continua nas confrarías mediante o proceso indicado no apartado anterior.

Non obstante , conseguir mobilizar aos secretarios para que asistan a primeira fase formativa tórnase unha tarefa complexa polas seguintes razóns:

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114
e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

1. O elevado atomismo que existe nas confrarías galegas fai que a gran maioría sexan de pequena dimensión, e conte con pouco persoal que dificilmente pode ausentarse para asistir a un proceso de formación,
2. Nas confrarías no acostuma a existir unha cultura de delegación, polo que os secretarios acumulan todo tipo de tarefas, resultando imprescindible a súa presencian o día a día.
3. A miúdo a formación que se imparte ten un escaso valor práctico polo que moitos dos secretarios teñen unha baixa motivación e alta escepticismo para coa formación en xeral.
4. En España en xeral, e en Galicia en particular, non existe entre os traballadores (especialmente os que teñen un posto fixo) unha cultura aberta ao aprendizaxe continuo.
5. Existe desinformación no sector respecto ao significado da sustentatabilidade e da RSC, asociándose có ecoloxismo e coa filantropía.
6. As confrarías deben avanzar sen maior demora na aplicación dos principios da RSC, especialmente os que se refiren ao bo goberno e a transparencia.

Estas entre outras razóns, dan lugar a que a asistencia dos secretarios aos programas formativos non resulte doado e sexa o principal reto que o que ten que anfrontar a Federación de Confrarías da Provincia da Coruña no seu obxectivo de implantar a RSC nas súas entidades asociadas.

## IV. OBXECTIVOS

Sobre a base do análise e retos expostos, a Federación de Confrarías da provincia de A Coruña fixa os seguintes obxectivos en termos de implantación da Responsabilidade Social Corporativo entre os seus membros:

1) Impartir formación práctica sobre RSC o 70% dos secretarios (ou persoal técnico) das confrarías membros, nun prazo de tres anos.
2) Implicar ao 60% das confrarías membros nos procesos de implantación a través dos obradoiros colectivos, nun prazo de catro anos.
3) Difundir os conceptos básicos da RSC entre o 50% dos patróns maiores (ou outros membros dos cabidos) nun prazo de cinco anos.

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

# XORNADA FORMATIVA E DE APLICACIÓN DE MEDIDAS PRÁCTICAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA NAS COFRADÍAS DE PESCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA

## PLANIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN, EXECUCIÓN E RESUME




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

# Dossier Resume de Planificación, Organización e Execución da Xornada Formativa e Aplicación Práctica de Medidas de Responsabilidade Social Corporativa nas Confrarías da Provincia da Coruña

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE COFRADIAS DE PESCADORES DE A CORUÑA
- 6 SET. 2016
SAÍDA DE DOCUMENTOS
Núm 105.-

**ASUNTO: JORNADA FORMATIVA Y APLICACIÓN PRÁCTICA DE MEDIDAS DE RSC (RESPONSABILIDAD SOCIAL CORPORATIVA) EN LAS COFRADÍAS DE PESCADORES DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA**

La Federación Provincial de Cofradías de Pescadores de A Coruña en colaboración con la Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro de la Consellería do Mar, organiza una Jornada formativa y de aplicación práctica de medidas de Responsabilidad Social Corporativa (RSC) en las Cofradías de Pescadores de la Provincial de A Coruña.

En la Jornada esperamos contar con la asistencia de la Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro Dª Susana Rodríguez Carballo. Así mismo se invita a participar en la Jornada a todos los Patrones/as Mayores, Vicepatrones/as, Personal Técnico (*Secretarios, Administrativos….)*, Presidentes/as de Agrupaciones y Asistencias Técnicas de las Cofradías de Pescadores de la provincia de A Coruña.

La Jornada se celebrará el **sábado día 17 de septiembre de 2016** en el Salón de Actos de la **Federación Gallega de Cofradías** (Rúa Palmeiras, nave 84 - A1, Novo Milladoiro-Ames) y con arreglo al Orden del Día que se adjunta al presente escrito.

Considerando la gran importancia que pueden suponer para el futuro de las Cofradías las conclusiones que se obtengan del desarrollo de esta Jornada formativa, les invito a que nos acompañen y participen activamente con sus aportaciones y asistencia para poder alcanzar los objetivos que entre todos nos fijemos de aquí en adelante por lo que respecta a la implantación de la Responsabilidad Social Corporativa en nuestras Entidades.

Las personas interesadas en participar en dicha Jornada, deberán confirmar su asistencia por correo electrónico a esta Federación Provincial **fpcpcoruna@telefonica.net**, dándose de plazo para ello hasta el jueves día 15 de septiembre por cuestiones de organización.

Contando anticipadamente con su presencia, les envío un cordial saludo.

Porto do Son, a 6 de septiembre de 2016
EL PRESIDENTE

FEDERACION PROVINCIAL DE COFRADIAS DE PESCADORES - LA CORUÑA -

Fdo/M. Daniel Formoso Moledo

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V 15041114

e mail fpcpcoruna@telefonica.net
Tel : 981 767 321
Fax: 981 767 567

# XORNADA FORMATIVA E DE APLICACIÓN DE MEDIDAS PRÁCTICAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA NAS COFRADÍAS DE PESCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA

## PROGRAMA

09:45 Rexistro de participantes/entrega de documentación.

10:00 Presentación da xornada
Susana Rodríguez Carballo.
*Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.*
Daniel Formoso Moledo
*Presidente da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de A Coruña*

10:15 Ponencia: Ámbito social e ambiental da RSC nas Confrarías de Pescadores.

11:15 Ponencia: Ámbito económico da RSC nas Confrarías de Pescadores.

12:00 Pausa Café.

12:30 Mesa Redonda: Aspectos prácticos da RSC nas Confrarías.

13:45 Conclusións.

14:00 Clausura.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

# RESUME E DOSSIER DE PLANIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA XORNADA FORMATIVA E APLICACIÓN PRÁCTICA DE MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (RSC) NAS CONFRARIAS DE PESCADORES DA PROVINCIA DE A CORUÑA

## I. PLANIFICACIÓN

A Responsabilidade Social Corporativa (RSC) é un modelo teórico cun amplo dispositivo metodolóxico que promove que as empresas e institucións incorporen o triplo balance na conta de resultados: o balance económico, o medioambiental e o social do cal se fai eco tanto o Libro Verde (2001) da UE como a Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible do Estado.

A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, e acceso a información pública e bo goberno, desenvolve conceptos e establece obrigas para as distintas entidades públicas, entre as que se encontran as corporacións de Dereito Público, e por conseguinte para as Confrarías de Pescadores. Tanto a transparencia como o bo goberno son elementos que forman parte do acervo conceptual da RSC, e que están incluídos dentro da "Guía de implantación e difusión da responsabilidade social corporativa nas confrarías de pescadores" editada pola Consellería do Medio Rural e Mar no ano 2015.

Así mesmo, a RSC é unha ferramenta que encaixa e reforza en Galicia o obxectivo estratéxico fixado polo FEMP no seu

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

programa operativo 2014-2020, que persigue o desenvolvemento sostible da pesca.

A Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña decidiu planificar e organizar unha Xornada para contribuír a orientar a xestión das confrarías do século XXI na busca da sustentabilidade utilizando a metodoloxía da Responsabilidade Social Corporativa como ferramenta operacional cara a fomentar cambios no *modus operandis* e na cultura e xestión destas entidades para a mellora do desenvolvemento das mesmas e das funcións que por Lei teñen encomendadas. A través da RSC se persegue a viabilidade como organización económica así como cumprir a súa misión incorporando os intereses e expectativas de todos aqueles grupos ou axentes implicados, ou afectados, pola súa xestión.

A natureza xurídico-socioeconómica das confrarías de pescadores ofrecen un escenario axeitado para a aplicación da RSC. O reto está no compromiso que tanto o persoal como os órganos reitores adopten na súa incorporación. Para logralo, nesta Xornada ofreceuse unha miscelánea de conceptos e prácticas metodolóxicas que servirán para comprender a oportunidade que representa a RSC para a modernización das confrarías e de cómo ir orientando a acción para poñela en práctica.

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

## II. ORGANIZACIÓN

Esta acción formativa está amparada polas directrices e polas disposicións lexislativas antes citadas.

A Xornada que realizamos organizouse con dous obxectivos prioritarios:

1. divulgar os principais conceptos da RSC que afectan ás confrarías.

2. Orientar na aplicación de medidas prácticas para poñela en marcha nas entidades pertencentes á Federación.

A necesidade desta Xornada débese as limitacións das que dispoñen os membros dos órganos reitores das Confrarías para asistir as sesións formativas tradicionais realizadas en horarios laborais. Así mesmo, faise preciso impregnar esta acción formativa dun contido moi práctico adaptado as inquedanzas e capacidades dos membros das Confrarías e nas que participen ademais de docentes, profesionais do sector ou de sectores afíns. Baixo este prisma se deseñou unha xornada formativa có formato que a continuación se expón.

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

## III. CONVOCATORIA, DESTINATARIOS, DATA, LUGAR, HORARIO, FORMATO E CONTIDOS.

Os destinatarios desta acción formativa foron os patróns maiores, presidentes das agrupacións e persoal técnico das confrarías da provincia da Coruña, todos eles invitados a participar na Xornada mediante convocatoria da Federación Provincial de data 6 de setembro de 2016 conforme o programa que se xuntaba a convocatoria e que consta como anexo a este documento.

Cara a facilitar asistencia dos membros dos órganos reitores, a xornada desenvolveuse o sábado dia 17 de setembro de 2016 pola mañá no salón de actos da Federación Galega de Confrarías (Novo Milladoiro, rúa Palmeiras, Nave 84-A1), cunha duración inicial de catro horas.

A Xornada desenvolveuse conforme o establecido no Programa de tal maneira que comezou as 09:45 horas coa recepción e entrega de documentación ós asistentes , para logo as 10:00 horas, a Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro Dª Susana Rodríguez Carballo inaugurou a Xornada xunto co Presidente da Federación Provincial D. M. Daniel Formoso Moledo, quenes asistiron durante toda a mañá o desenvolvemento da mesma.

O longo da Xornada e tal como estaba programado, na primeira parte da mañá desenvolvéronse a dúas ponencias previstas, prolongándose as mesmas ata has 12:30 horas momento

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

no que se fixo unha pausa café , pois houbo moitas intervención por parte dos asistentes dada a interactividade con que expuxeron os temas os ponentes e o interese suscitado polo contido, intervencións e intercambio de opinións que continuaron producíndose en dita pausa, que como se pode apreciar tivo un retraso de media hora con respecto o programa previsto.

Dende as 13:00 horas ata as 14:30 horas desenvolveuse a Mesa Redonda composta por expertos na materia e que se citan mais abaixo.

As 13:45 horas fixo acto de presencia na Xornada a Sra. Conselleira do Mar Dª Rosa Quintana Carballo, que tivo a oportunidade de ver directamente a parte final da Mesa Redonda na puido apreciar parte das explicacións dos expertos e as múltiples intervencións por parte dos asistentes.

Finalmente, as 14:30 horas, a Sra. Conselleira do Mar acompañada pola Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e polo Presidente da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de A Coruña, clausurou a Xornada destacando a gran importancia que ten para o futuro das Confrarías a implantación da Responsabilidade Social Corporativa nas mesmas e agradecendo a Federación Provincial da Coruña a organización de unha Xornada tan importante de cara os retos que supoñen o desenvolvemento da RSC nesta Entidades, agradecendo tamén a participación e asistencia a tódolos presentes representantes e técnicos das Confrarías e das Agrupacións de Mariscadores, rematando a súa intervención e a Xornada as 14:45 horas.

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

A Xornada estivo dividida en dous bloques temporais, un primeiro bloque no cal se impartiron dúas ponencias sobre temas claves e prácticas da RSC aplicados ás confrarías; e un segundo bloque onde tivo lugar unha mesa redonda integrada por tres expertos e aberta a participación dos asistentes onde se deron pautas para a implantación da RSC.

## Os contidos da Xornada foron os seguintes:

Primeira Ponencia.- Ámbito social e ambiental da RSC nas confrarías de pescadores.

Segunda Ponencia.- Ámbito económico da RSC nas confrarías de pescadores.

Mesa Redonda.- Onde se tratou sobre os aspectos prácticos da Responsabilidade Social Corporativa nas Confrarías de Pescadores.

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

## IV. PERFILES DOS PONENTES E EXPERTOS.

No primeiro bloque, as ponencias foron impartidas por dous profesionais que contan tanto con una ampla cualificación en RSC como acreditación no ámbito das Confrarías de Pescadores.

- Dª MERCEDES FERNÁNDEZ GESTIDO
- D. TITO IGLESIAS PASTORIZA

Ámbolos dous da empresa INTERPYME, S.L. (xestión da pequena e mediana empresa), e autores da Guía de Implantación e difusión da Responsabilidade Social Corporativa nas Confrarías de Pescadores, da cal se lle entregou copia xunto con outro material a tódolos asistentes a Xornada.

A mesa redonda estivo integrada por profesionais de distintos perfiles pero que teñen en común unha acreditada experiencia, e que poden dar pautas prácticas para aplicación da RSC nas confrarías:

- Dª MERCEDES FERNÁNDEZ GESTIDO, Interpyme S.L.
- D. TITO IGLESIAS PASTORIZA, Interpyme S.L.
- D. JOSÉ CARLOS VILA COSTAS , Xerente da empresa KIWI ATLÁNTICO, S.A.
- D. NACHO CASTRO FERNÁNDEZ, Secretario da Confraría de Pescadores de Muxía.

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

# XORNADA FORMATIVA E DE APLICACIÓN DE MEDIDAS PRÁCTICAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA NAS COFRADÍAS DE PESCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA

## CONTROL DE ASISTENCIA




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

# Control de Asistencia a Xornada Formativa e Aplicación Práctica de Medidas de Responsabilidade Social Corporativa nas Confrarías da Provincia da Coruña

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

**XORNADA FORMATIVA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA PARA AS CONFRARIAS DE PESCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA**
**NOVO MILLADOIRO (AMES) , 17 DE SETEMBRO DE 2016**

| NOME E APELIDOS | CONFRARÍA | CARGO | SINATURA |
|---|---|---|---|
| GUILLERMO NEIRA RÍOS | MERA | PATRÓN MAIOR | [signature] |
| FRANCISCO MANUEL SÁNCHEZ NEIRA | MERA | VICEPATRÓN MAIOR 1º | [signature] |
| SERGIO MIGUEL SÁNCHEZ GARCÍA | LORBÉ | VOCAL XUNTA XERAL | [signature] |
| PABLO GARCÍA CRUZ | LORBÉ | ARMADOR | [signature] |
| MARÍA JOSEFA CRESPO FRAGA | MIÑO | PATROA MAIOR | [signature] |
| MANUELA PRIETO RICO | MIÑO | VICEPATROA MAIOR 2ª | [signature] |
| MARÍA JESÚS LÓPEZ IGLESIAS | PONTEDEUME | VICEPATROA MAIOR 1ª | [signature] |
| DOLORES CASAS DE BERNARDO | PONTEDEUME | VOCAL CABILDO | |
| FELIPE CANOSA ENTONADO | A CORUÑA | PATRÓN MAIOR | |
| JUAN CARLOS DEL RÍO DÍAZ | FERROL | VICEPATRÓN MAIOR | [signature] |
| PEDRO PÉREZ MARTELO | MALPICA | PATRÓN MAIOR | [signature] |
| JOSÉ FRANCISCO RODRÍGUEZ | MALPICA | SECRETARIO | [signature] |

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

**XORNADA FORMATIVA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA PARA AS CONFRARIAS DE PESCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA**
**NOVO MILLADOIRO (AMES) , 17 DE SETEMBRO DE 2016**

| APELIDOS E NOME | CONFRARÍA | CARGO | SINATURA |
|---|---|---|---|
| FRANCISCO JAVIER VEIGA PÉREZ | MALPICA | GARDAPESCA MARÍTIMO | |
| MANUEL VILLAR VIDAL | LAXE | PARÓN MAIOR | |
| ANTONIO DEVESA BOUZAS | LAXE | SECRETARIO | |
| NACHO CASTRO FERNÁNDEZ | MUXÍA | SECRETARIO | |
| JOSÉ JUAN BERMÚDEZ TAJES | CAMELLE | PATRÓN MAIOR | |
| DOLORES BERMÚDEZ RODRÍGUEZ | CAMARIÑAS | PATROA MAIOR | |
| ANTONIO JESÚS PASANTES ESPASANDÍN | CAMARIÑAS | VICEPATRÓN MAIOR 1º | |
| ESTRELLA LEMA ROJO | CAMARIÑAS | PRESIDENTA AGRUPACIÓN MARISCADORES | |
| M. DANIEL FORMOSO MOLEDO | MUROS | PATRÓN MAIOR | |
| JUANA MARTÍNEZ LÓPEZ | MUROS | VICEPATROA MAIOR | |
| ADELAIDA LESTÓN MAYO | MUROS | VICEPRESIDENTA AGRUPACIÓN MARISQUEO A PE | |
| JOSÉ ANTONIO RAMA SUÁREZ | MUROS | SECRETARIO | |

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

**XORNADA FORMATIVA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA PARA AS CONFRARIAS DE PESCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA**
**NOVO MILLADOIRO (AMES) , 17 DE SETEMBRO DE 2016**

| APELIDOS E NOME | CONFRARÍA | CARGO | SINATURA |
|---|---|---|---|
| JOSÉ ANTONIO PÉREZ SIEIRA | RIBEIRA | PATRÓN MAIOR | [signature] |
| JOSÉ VIDAL GARCÍA | RIBEIRA | VICEPATRÓN MAIOR 2º | [signature] |
| ANDRÉS MARTÍNEZ RIVAS | RIBEIRA | PRESIDENTE AGRUPACIÓN MARISCADORES | [signature] |
| JOSÉ ANTONIO SAMPEDRO SANTAMARÍA | AGUIÑO | PATRÓN MAIOR | [signature] |
| MARÍA SUSANA SILVA ALONSO | CABO DE CRUZ | VICEPATROA MAIOR | [signature] |
| ANA MARÍA REY LOZANO | CABO DE CRUZ | ASISTENCIA TÉCNICA | [signature] |
| MIGUEL ÁNGEL IGLESIAS ROMERO | RIANXO | PATRÓN MAIOR | [signature] |
| JOSÉ DOMÍNGUEZ BUITURON | CORCUBIÓN | PATRÓN MAIOR | [signature] |
| JESÚS RAMÓN LONGUEIRA SUÁREZ | PORTO DO SON | SECRETARIO | [signature] |
| JUAN MIGUEL IGLESIAS GÓMEZ | POBRA DO CARAMIÑAL | PATRÓN MAIOR | [signature] |
| JOSEFINA GARBÍN GONZÁLEZ | MIÑO | VOCAL JUNTA GENERAL | [signature] |
| EMILIO QUEIRUGA SANTAMARÍA | PORTO DO SON | SECRETARIO | [signature] |

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

**XORNADA FORMATIVA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA PARA AS CONFRARIAS DE PESCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA**
**NOVO MILLADOIRO (AMES) , 17 DE SETEMBRO DE 2016**

| APELIDOS E NOME | CONFRARÍA | CARGO | SINATURA |
|---|---|---|---|
| MERCEDES FERNÁNDEZ GESTIDO | INTERPYME S.L. | PONENTE | [signature] |
| TITO IGLESIAS PASTORIZA | " | PONENTE | [signature] |
| José Carlos Vila Costas | Kimi Atlantico, SA | Ponente | [signature] |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

# XORNADA FORMATIVA E DE APLICACIÓN DE MEDIDAS PRÁCTICAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA NAS COFRADÍAS DE PESCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA

## FOTOS DA XORNADA




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

# Fotos da Xornada Formativa e Aplicación Práctica de Medidas de Responsabilidade Social Corporativa nas Confrarías da Provincia da Coruña


XORNADA FORMATIVA E DE APLICACION DE
MEDIDAS PRACTICAS DE RESPONSABILIDADE
SOCIAL CORPORATIVA NAS COFRADÍAS DE
PESCADORES
DA PROVINCIA DA CORUÑA
Ámbito social e ambiental da RSC nas
Confrarías de Pescadores
CONFRARÍAS DE
PESCADORES
FEDERACIÓN GALEGA
DE CONFRARÍAS DE PESCADORES



DA PROVINCIA DA
Âmbito social e ambiental da RSC nas
Confrarias de Pescadores
17/09/201
DE




Ámbito social e ambiental da RSC nas
Confrarías de Pescadores
17/09/
CON AS DE
PESC ES


Antecedentes da RSC


Confrarías e identidade
CONFRARÍAS DE PESCADORES
FEDERACIÓN GALEGA












Familia
CONFRARÍAS DE
PESCADORES
FEDERACIÓN GALEGA
DE CONFRARÍAS DE PESCADORES






CONFRARÍAS DE
PESCADORES
FEDERACIÓ
DE CONFRARÍAS


CONFRARÍAS DE


RARÍAS DE
DORES
- Pontevedra - Lugo - A Coruña - Pontevedra - Lugo - A Coruña - Pontevedra - Lugo


CONFRARÍAS D
PESCADORES


CONFRARÍAS DE
PESCADORES


CONFRARÍAS DE
PESCADORES




OPAGA


Your vibe
attracts you




CONFRARÍAS DE
PESCADORES


CONFRARÍAS DE
PESCADORES
FEDERACIÓN GA
DE CONFRARÍAS DE PESCA


CONFRARÍAS DE
PESCADORES
FEDERACIÓN GALEGA


CONFRARÍAS DE
PESCADORES
A Coruña - Pontevedra - Lugo - A Coruña - Pontevedra - Lugo - A Coruña - Pontevedra - Lugo - A Coruña - Pontevedra


OPAGA



CONFRARÍAS DE
CADORES


OPAGA






CONFRARÍAS DE
PESCADORES
FONTECELTA